

Hans  
Christian  
Andersen



A  
PRINCESA  
E MAILO  
CHÍCHARO

Era unha vez un príncipe que quería casar cunha princesa, pero cunha de verdade. Na súa procura percorreu o mundo todo, pero sempre había algún pero, porque princesas, haber, había moitas, mais princesas de verdade, desas xa non; nunca daba cunha da que puidese dicir ao certo que era unha princesa auténtica; cada vez que atopaba unha que o parecía víalle algo que lla facía sospeitosa. Daquela, regresou á casa e ben

triste, ademais, pois andaba coa teima de atopar una princesa, pero unha xenuína.

Unha tarde estourou unha tempestade terríbel; sucedíanse sen interrupción os raios e os tronos e caían chuzos de punta; ía un tempo que metía medo. Nestas, chamaron á porta da cidade e o Rei Vello acudiu a abrir.

Quen estaba á porta era unha princesa; pero... Deus do ceo, como ela viña! Enchoupada pola chuvia e mailo temporal, a auga escorríalle en regueiros polo cabelo e polos vestidos; metíase polas canas dos zapatos e saíalle polas solas; aínda que ela insistía en que era unha princesa verdadeira.

“Axiña o habemos saber” pensou a Raíña Vella, e, sen dar chío, foise cara a alcoba,

ergueu a cama e pousou un chícharo sobre o metálico; despois amoreou por riba vinte colchóns e aínda enriba deles vinte edredóns. Tal era a cama que dispuxeron para que durmise a princesa.

Pola mañá preguntáronlle que tal descansara.

“Oooi ! Moi mal!” exclamou. “Non peguei ollo en toda a noite! Deus sabe o que habería nesa cama! Era unha cousa tan dura que teño o corpo todo inzado de mancaduras! Foi un suplicio.”

E de aí foi como viñeron caer en que era unha princesa de verdade, pois, malia os vinte colchóns e mailos vinte edredóns, aínda sentira o chícharo. Ninguén, non sendo unha auténtica princesa, podía ser tan sensíbel.

O príncipe tomouna por esposa, pois convenceuse de que casaba cunha princesa feita e ben feita; e o chícharo pasou ao museo, onde aínda pode verse, se non o levou ninguén para botarillo ao arroz.

Esta si que é unha historia auténtica, é ou non?

